



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**CPI DE CERVANTES**  
R/dos Colexios, S/N-CP: 27664  
San Román de Cervantes (Lugo)  
Código de centro: 27002353  
Teléfono/fax: 982 828.940  
[cpi.cervantes@edu.xunta.es](mailto:cpi.cervantes@edu.xunta.es)

# **PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE** **Concreción 21-22**

## INTRODUCCIÓN

O Plan de Atención á Diversidade pretende ser unha ferramenta encamiñada a dar **resposta ao conxunto global do alumnado**, tanto ao que puntualmente presenta algún tipo de dificultade e necesita algún tipo de axuda, como ao que manifesta necesidades específicas de apoio educativo. Dita resposta adaptarase á realidade e singularidade do centro.

Entendemos por **diversidade** as **diferencias que presenta o alumnado ante as aprendizaxes escolares e as distintas causas ás que poden atribuírse**: aptitudes, intereses, motivacións, capacidades, ritmos de maduración e estilos de aprendizaxe, experiencias e coñecementos previos, contornos sociais e culturais, etc. Todos estes aspectos dan lugar a un alumnado heteroxéneo en canto as súas necesidades educativas e que determinarán, a súa vez, as **respostas educativas, que irán das máis ordinarias ás máis extraordinarias**.

Polo tanto, atender á diversidade, non é só atender as diferencias individuais do alumnado, senón tamén poñer en xogo todos os elementos organizativos (materiais, espaciais, agrupamentos, horarios, infraestrutura, coordinación docente, estratexias, etc) en aras de cubrir as necesidades educativas especiais ou non especiais que presenten.

Dentro desta diversidade xeral, pode que algún alumnado precise dunha atención diferente a ordinaria:

- Alumnado con **necesidades específicas de apoio educativo** asociadas ben a NEE ou a **dificultades específicas de aprendizaxe (D.A)** derivadas de ritmos lentos, dificultades importantes de aprendizaxe das técnicas instrumentais, falta de motivación, falta de hábitos de estudo, etc.
- Alumnado con **condicións persoais e de historia escolar**, que presente dificultades na evolución das súas aprendizaxes e na adquisición de obxectivos e competencias por motivos historia persoal por **incorporación tardía ao sistema educativo español** con certo desfase curricular.

Para todos eles, unha vez identificadas as necesidades específicas, será preciso ir adaptando as respostas educativas dende as programacións xerais e as programacións da aula, ata aquelas outras propostas que modifiquen máis ou menos significativamente a proposta curricular, podendo chegar

a requirir propostas organizativas diferenciadas e recursos persoais de apoio mais ou menos especializados.

## **CONTEXTUALIZACIÓN DO PLAN: ANÁLISE DE NECESIDADES (CONTEXTUALIZACIÓN DA RESOLUCIÓN DO 17 DE XUÑO DE 2021 (INSTRUCCIÓN INCIO DE CURSO NAS DIFERENTES ETAPAS EDUCATIVAS 2021-2022)**

Como xa queda recollido no Plan de orientación, ao inicio de curso realizarase unha avaliación inicial na que se recollerán os contidos e competencias imprescindibles non adquiridos polo alumnado durante o curso pasado. Estes contidos engadiranse as programacións didácticas e realizarase un plan de reforzo durante o primeiro trimestre que permita adquirir ditas aprendizaxes. Terase en conta tamén a situación emocional de cada unha/un das alumnos/as. Estas programacións didácticas a súa vez tamén contemplan o escenario de ensinanzas semipresencial ou a distancia a través da aula virtual do centro onde estarán matriculados os alumnos.

A maior parte dos problemas detectados céntranse nas dificultades de aprendizaxe en áreas instrumentais. Dentro da Educación Primaria, as dificultades están relacionados coa adquisición das habilidades instrumentais básicas, ben en operacións matemáticas ou ben no desenvolvemento da comprensión e expresión da linguaxe oral e escrita. Os casos máis frecuentes están ligados a problemas lecto-escritores de tipo dunha incorrecta exactitude lectora, velocidade lectora lenta e sobre todo problemas de comprensión lectora, sumados estes aos xa mencionados problemas na área de matemáticas, sobre todo no cálculo e na resolución de problemas.

## **OBXECTIVOS XERAIS DO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

- **Incorporación dos contidos imprescindibles do curso pasado** non adquiridos polos alumnos as programacións didácticas do 20-21 e realización dos **plans de reforzo** durante o terceiro trimestre como mínimo.
- **Planificar e organizar os apoios e priorizar os recursos** persoais de que se dispón, para axustalos ás necesidades.
- **Proporcionar e adaptar unha resposta educativa axeitada** e de calidade **ao alumnado**, que lle permita acadar o maior desenvolvemento persoal e social.

- Organizar medidas flexibles que conduzan á **necesaria readaptación das intervencións do profesorado ordinario e da especialista** para adecuarse á atención das novas necesidades educativas.
- Establecer as medidas que permitan unha **detección temperá** das posibles dificultades.
- **Garantir a actuación coordinada** de mestres e especialistas para a correcta aplicación das medidas de atención á diversidade.
- Planificar propostas educativas diversificadas de organización, procedementos, metodoloxía e avaliación axeitadas ás necesidades de cada alumno.
- Fomentar a **participación das familias** e implicalos no proceso educativo dos seus fillos/as.
- Servir de guía para identificar aqueles aspectos da atención á diversidade que precisen melloras cara o curso seguinte.

## IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DE NECESIDADES

A **detección** e valoración das necesidades realízase mediante as seguintes actuacións:

- Avaliación inicial
- Sesións de avaliación trimestrais
- Avaliación final
- Avaliación psicopedagóxica individualizada.
- En momentos puntuais ao longo do curso, segundo as necesidades detectadas.

**En canto a valoración das necesidades xerais, con respecto ao alumnado:**

- En xeral dificultades no **desenvolvemento e afianzamento das técnicas instrumentais básicas**: dificultades para extraer as ideas principais dun texto, para expresarse tanto por escrito como a nivel oral, dificultades no razoamento lóxico, no cálculo mental e noutros contidos matemáticos.
- En xeral é necesario mellorar os índices de atención do alumnado.
- En xeral é necesario mellorar as **dificultades de linguaxe**, especialmente nos primeiros cursos de primaria.
- En xeral mellorar os **hábitos de traballo** e autonomía persoal (calendario, mochila, axenda).
- En xeral mellorar as **técnicas de traballo** (lectura comprensiva, subliñado, resumo, esquemas...).

**En canto a valoración das necesidades, con respecto ás familias do alumnado:**

- En xeral necesidade de supervisión dos **hábitos de estudo** e a **organización**.

**En canto a valoración das necesidades, con respecto ao profesorado:**

- En xeral **mellorar metodoloxías inclusivas para a atención do ACNEAE. Contamos cun alumno diagnosticado de TDAH e este departamento puxo á súa disposición información e formación para a súa atención educativa a través de distintos documentos pautados como é o Protocolo elaborado pola Xunta para a atención desta diversidade.**

En función destas necesidades e dos datos recollidos das memorias, tomáronse as seguintes decisións:

- Establecer unhas criterios de atención que prioricen o alumnado que debe ser atendido polo profesorado de apoio de PT primando o apoio individualizado dentro do aula no alumnado que promocióne con algunha asignatura suspensa e nos informes tutoriais onde se fagan constar as dificultades.
- Primar a atención do alumnado se o houbera con adaptación curricular. Que non é o caso.
- Poñer en marcha mecanismos de detección temperá.
- Realizar **charlas puntuais coas familias** encamiñadas a mellorar os estilos educativos parentais.
- Revisar e actualizar os documentos de centro.
- Fomentar a docencia compartida e a aprendizaxe cooperativa como medio para dar cabida á atención individual do alumnado que presenta Neae.

**DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS A DESENVOLVER**

As medidas de atención á diversidade oscilan nun **continuo** que abrangue dende a **prevención á intervención específica**, xa que calquera alumno/a pode requirir ao longo da súa escolaridade a adopción de diferentes tipos de medidas.

Por regra xeral as medidas sempre tenderán a ir **do máis ordinario ao máis extraordinario**, das situacións máis normalizadoras ás menos normalizadoras.

## **MEDIDAS ORDINARIAS**

- Adecuación da **estrutura organizativa** do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- Adecuación das **programacións didácticas** á contorna e ao alumnado.
- Cada mestre/a, dende a súa materia adaptará a programación didáctica do seu nivel a cada grupo de alumnos/as en particular, unha vez realizada a avaliación inicial en canto a **obxectivos e contidos**.
- Precisar cales son os obxectivos e contidos mínimos de cada unidade didáctica e cada nivel.
- Seleccionar e priorizar aqueles contidos que sexan funcionais para o alumnado e que lle permitan aprender por si mesmo.
- **Metodoloxía** baseada no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, na tutoría entre iguais, no aprendizaxe por proxectos e noutras que promovan a **inclusión**.
- **Traballo individualizado profesorado/alumnado en momentos determinados e breves que favorecerán a confianza do alumnado**.
- Diversidade de **actividades** para cada contido.
- Actividades secuenciadas segundo a súa dificultade (cada alumno/a vai realizando e, unha vez superadas, pasan ás de nivel seguinte).
- Realización de actividades de reforzo (para todo o grupo como repaso ou para alumnado con dificultades de aprendizaxe).
- Plantear un enfoque centrado na aprendizaxe significativa e no desenvolvemento das fortalezas e talentos de todos o alumnado.
- Adaptar **materiais didácticos**: seleccionar e utilizar materiais curriculares diversos, adecuándoos ás características do alumnado e aproveitando a súa potencialidade motivadora.
- Diversificar os procedementos de **avaliación** mediante estratexias como: adecuar tempos, criterios, instrumentos e procedementos de avaliación, o que implica:
  - Diversificar os tipos de probas en función da alumna ou alumno ao que se dirixe.
  - Diversidade nos criterios de cualificación: nota das probas, dos exames de trimestre, traballos de aula, actitude, comportamento, asistencia...
  - Avaliar de xeito prioritario os contidos mínimos.

- Utilizar diferentes instrumentos e procedementos para avaliar a progresión das capacidades básicas do alumnado.
- Valorar as distintas aproximacións que ao mesmo contido faga cada alumno e que respondan aos seus diferentes puntos de partida e, en definitiva, as súas diferentes posibilidades.
- Realizar unha avaliación inicial ao comezo do curso.
- Contextualizar os criterios de avaliación seguindo os mesmos criterios de adecuación empregados ao contextualizar os obxectivos.
- **Promover entre o profesorado que imparte as materias instrumentais programas de reforzo**, especialmente para:
  - Alumnado que obteña uns resultados moi baixos nas probas de avaliación inicial de comezos de curso.
  - Alumnado que estea repetindo e se considere que esta medida pode atender as súas necesidades.
- **Programas específicos personalizados** (modificación de conduta, autoestima, aprender a aprender, habilidades sociais...)
- 

## **MEDIDAS EXTRAORDINARIAS**

- **Apoio** do profesorado especialista de **PT**.
- Intercambio de roles entre profesor titor e de apoio. As tarefas de coordinación e traballo en equipo son esenciais para que o titular coñeza as vicisitudes das atencións específicas que requiren determinados alumnos/as, e o mestre/a de apoio deberá coñecer aspectos concretos da materia.
- Traballo colaborativo entre profesorado titor e profesorado de apoio. Ambos docentes son responsables do grupo de alumnos/as e participan no mesmo grao nas tarefas de ensino-aprendizaxe que se programen.
- **Repetición.**
- **Flexibilización** da duración do período de escolarización

## **CRITERIOS DE ATENCIÓN**

A preferencia do alumnado a atender e o tempo de atención a este, sempre que non se podan satisfacer todas as necesidades, rexerase polos seguintes criterios:

1. Alumnado con **Necesidades Específicas de Apoio Educativo** e con **informe psicopedagógico**.
2. **Outro alumnado con NEAE** que precise atención educativa.
3. Terán prioridade aqueles alumnos/as que xa viñeran recibindo apoio.

## **MODALIDADES DE ATENCIÓN**

1. **Atención individualizada do alumno/a polo profesorado titor** cando precisa un apoio puntual sen a intervención directa doutro profesor/a ou especialista.
2. **Atención especializada por parte do profesorado de apoio:** Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que requira, nun período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas. Neste caso os apoios poden ser:
  - **Dentro da aula ordinaria:** Neste sistema o profesor de apoio traballa o currículo, dentro do aula ordinaria, co alumno con necesidades educativas.
  - **Fóra da aula ordinaria:** En determinadas áreas ou actividades que precisen traballar determinadas áreas do currículo fora da aula e sempre atendendo a criterios pedagóxicos solventes.
  - **ORGANIZACIÓN DOS APOIOS**
- A valoración do orientador **do centro sempre debe preceder á intervención do profesorado de Pedagogía Terapéutica.**
- O alumnado cun desfase curricular notable que comece a presentar serias dificultades para a aprendizaxe, poderá recibir **apoyo estable de PT.**



- **Os apoios se dirixirán fundamentalmente á adquisición das aprendizaxes instrumentais de Lingua e Matemáticas.**
- **Terase en conta, sempre que sexa posible, os momentos do horario na aula ordinaria na que se imparte a materia obxecto de dificultade.**
- **As familias** do alumnado susceptible de reforzo **serán informadas** das medidas que se van adoptar e dos obxectivos que se pretenden acadar.
- **O apoio será en aula ordinaria sempre que sexa posible.** Só se producirán intervencións directas especializadas cando:
  - A resposta educativa que precise o alumno/a con neae non poda resolverse con fórmulas máis normalizadas.
  - O alumnado de distintas aulas con similares dificultades estea agrupado nunha mesma sesión.
  - O alumnado descoñeza as linguas da comunidade.
  - O alumnado non teña adquirido ou non domine as técnicas instrumentais básicas, dependendo do ciclo no que se atope.
  - Este apoio se levará a cabo co especialista de PT en primeiro lugar. Os apoios fóra da aula non excederán no tempo a terceira parte da xornada lectiva.
  - En xeral, o alumnado que reciba apoio de PT non terá máis reforzos fóra da aula para non incidir negativamente na súa integración na aula ordinaria.
  - Introduciranse as medidas correctoras que se consideren oportunas, sempre que o progreso non sexa positivo.
  - Informarase ás familias, cando menos trimestralmente, do grao de consecución dos obxectivos programados.
  - Establecerase unha boa coordinación entre todos os profesionais implicados na interacción co alumno/a concreto que presenta algunha alteración respecto á norma.
  - Punto importante a tratar nesas primeiras reunións entre profesionais é o establecemento de criterios comúns de intervención e a “distribución” de tarefas e competencias para un plan de intervención coherente, tendo en conta as necesidades.
  - Nos casos en que, por propia decisión das nais, pais e titores e titoras legais e/ou derivación do departamento de orientación, o alumnado estea sendo atendido por profesionais externos ao centro, estableceranse os contactos de comunicación coa

finalidade de fixar estratexias de actuación conxuntas que redunden na mellora da resposta educativa do alumnado.

## **SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN**

A avaliación efectuarase a dous **niveis**:

- **Avaliación dos resultados obtidos polo alumnado:**
- A avaliación debe cumprir as seguintes características:
- Mellorar a calidade das aprendizaxes, evitar todo carácter represivo, ubicar ao alumno nun nivel curricular que lle permita ter éxito.
- Debe ser permanente, continua e formativa, facilitando unha constante retroalimentación da aprendizaxe.
- Debe ser obxectiva, criterial e sistemática. E considerar o erro como fonte de novos aprendizaxes.
- Debe ser participativa e fomentar as técnicas de autoavaliación.
- En canto ao proceso de avaliación seguiranse, a nivel xeral, os seguintes pasos:
- ✓ Ao inicio do curso o profesorado titor revisará os expedientes do alumnado para ter en conta posibles neae xa detectadas (dpto. orientación).
- ✓ Realizarase nos primeiros días a avaliación inicial coa finalidade de tomar as medidas educativas oportunas segundo os datos obtidos. Estas medidas quedarán reflectidas na programación de aula (materiais de traballo adaptados, flexibilidade metodolóxica e organizativa etc.).
- ✓ Diversificaranse os procedementos de avaliación, así como os tipos de probas, técnicas e instrumentos.
- A avaliación será entendida como un proceso. Debe ser continua, flexible, formativa, sistemática e criterial.

- Cando un alumno por razóns médicas, familiares ou doutra índole, non acuda ao centro ou non poida participar das actividades dunha materia nun período prolongado dun xeito xustificable, a xunta de avaliación valorará que decisión tomar sobre a súa cualificación, podendo mesmo deixar sen avaliar ao alumno ou alumna se se considera que os datos para unha correcta avaliación son claramente insuficientes. En todo caso a xunta de avaliación informará aos pais e á inspección educativa da decisión tomada e das razóns que levaron á mesma. Este mesmo criterio se poderá aplicar ao alumnado que chegue trasladado ao centro co curso comezado e non curse unha avaliación completa no intre da súa incorporación

### **Avaliación do plan propiamente dito:**

- A revisión do plan realizarase a principios de curso, atendendo ás conclusións recollidas e obtidas na avaliación do curso pasado e ás circunstancias existentes nese momento.
- Ao longo do curso, o equipo directivo e o departamento de orientación irán facendo un seguimento do desenvolvemento do plan e da programación para introducir os axustes necesarios.
- Seguimento a través das reunións do departamento de orientación.
- Posta en común na Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Elevación de conclusións e posibles modificacións ao Claustro para o seu coñecemento.
- Inclusión das valoracións na Memoria de Final de Curso, que, á súa vez, servirá de base para a Programación Xeral Anual do curso seguinte.
- Ao final de cada curso, analizarase a adecuación deste á realidade do centro, e deseñaranse as modificacións pertinentes en canto a alumnado e recursos humanos e materiais previstos para o curso seguinte.
- **Os instrumentos** para a recollida de datos serán: intercambios orais, escalas e cuestionarios e entrevistas, entre outros. Estes serán aplicados ás persoas implicadas no seu deseño e/ou desenvolvemento (titores/as, profesorado), como os seus destinatarios (alumnado, pais).
- **Os criterios** de avaliación para determinar a calidade do plan e programación da atención á diversidade son:
  - Adecuación ás necesidades reais do centro.
  - Logros acadados no referente aos obxectivos previstos.
  - Nivel de colaboración e participación dos distintos axentes da comunidade educativa.
  - Grao de implicación dos responsables no seu desenvolvemento.

Con estes datos, ao final de cada curso, o Departamento de Orientación elaborará a correspondente memoria establecendo, de ser o caso, as pertinentes **propostas de mellora**. Esta memoria incorporárase á memoria do Departamento de Orientación e, en consecuencia, á Memoria Anual do centro.

ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO

CURSO 2021/2022

CPI de Cervantes

Etapa Infantil

NECESIDADES E. ESPECIAIS	Ámbitos	4º	5º	6º
Discapacidade	Motórico			
	Sensorial			
	TXD-Autismo			
	Capacidade cognitiva baixa			
	Síndrome cromosómico			
	Psicoticismo			
Trastornos de conduta	TDAH			

NºALUMNOS CON NECESIDADES DE APOIO	4º	5º	6º	OBSERVACIÓN
Dislexia				
TEL				
Retraso madurativo				
Dislalias				
Altas capacidades				
Incorporación tardía ao sistema educativo				
Situacións desfavorecidas por condiciónspersoaisou de historia familiar				

### Etapa Primaria

NECESIDADES E. ESPECIAIS	Ámbitos	1º	2º	3º	4º	5º	6º
Discapacidade	Motórico						
	Sensorial						
	TXD-Autismo						
	Capacidade cognitiva baixa						
	Síndrome cromosómico						
	Psicoticismo						
Trastornos de conduta	TDAH						

NºALUMNOS CON NECESIDADES DE APOIO	1º	2º	3º	4º	5º	6º	OBSERVACIONES
Dislexia							
Dificultades específicas de aprendizaxe Disortografía Dificultades lectoescritoras Dificultades lectura, escritura, cálculo TEL Retraso madurativo Desfase curricular	3 alumn os			2 alumn as	1 alum na		Avaliadas psicopedagó xicamente os 2 de primeiro e as duas de segundo de
Altas capacidades							
Incorporación tardía ao sistema educativo							
Situacións desfavorecidas por condiciónspersoaisou de historia familiar							

### Etapa Secundaria

NECESIDADES E. ESPECIAIS	Ámbitos	1º	2º	3º	4º	OBSERVACIONES
Discapacidade	Motórico					
	Sensorial					
	TXD-Autismo					
	Capacidade cognitiva baixa					
	Síndrome cromosómico					
	Psicoticismo					
Trastornos de conduta	TDAH				1 alumno	Ten avaliación psicopedagóxica

NºALUMNOS CON NECESIDADES DE APOIO	1º	2º	3º	4º	OBSERVACIONES
Dislexia					
Dificultades específicas de aprendizaxe Disortografía Dificultades lectoescritoras Dificultades lectura, escritura, cálculo TEL Retraso madurativo Desfase curricular				1 alumno	Fíxose un programa específico para mellorar a comprensión e exactitude lectora. Ten avaliación psicopedagóxica
Altas capacidades					
Incorporación tardía ao sistema educativo					
Situacións desfavorecidas por condicións persoais ou de historia familiar				1 alumno	Lévase un seguimento e titorías periódicas con él

RECURSOS PERSOAIS	PT	AL	OUTROS:
Número	1		

**PROFESOR: JOSÉ RAMÓN LEIVA ARROJO****HORARIO (DE OUTUBRO A MAIO)**

	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>		<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
<b>9:45-10:00</b> <b>TRANSPORTE</b>			<b>9:45-10:00</b> <b>TRANSPORTE</b>			
<b>10:00-10:50</b>		GARDA	<b>10:00-10:50</b>	ORI		
<b>10:50-11:40</b>		COORD	<b>10:50-11:40</b>	ORI		
<b>11:40-11:45</b>			<b>11:40-11:50</b>			
<b>11:45-12:35</b>		T.P.A.	<b>11:50-12:40</b>	ORI		
<b>12:35-13:25</b>	X.D.	ORI	<b>12:40-13:30</b>			
<b>13:25-13:45</b>			<b>13:30-14:00</b>			
<b>13:45-14:35</b>	GARDA		<b>14:00-14:35</b>			
<b>14:35-15:25</b>	GARDA		<b>14:35-15:25</b>	GARDA		
<b>15:25-16:15</b>	GARDA		<b>15:25-14:15</b>	GARDA		
<b>TRANSPORTE</b>			<b>TRANSPORTE</b>			

**HORARIO REDUCIDO (SETEMBRO E XUÑO)**

	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
<b>9:15-9:30</b> <b>TRANSPORTE</b>					
<b>9:30-10:15</b>		GARDA	ORI		
<b>10:15-11:00</b>		COORD	ORI		
<b>11:00-11:10</b>					
<b>11:10-11:55</b>	X.D.	T.P.A.	ORI		
<b>11:55-12:40</b>	GARDA	ORI			
<b>12:40-13:00</b>					
<b>13:00-13:45</b>	GARDA		GARDA		
<b>13:45-14:30</b>	GARDA		GARDA		
<b>14:30-15:00</b>					
<b>TRANSPORTE</b>					

En Cervantes, 14 de setembro de 2021